



“(…) Pra que unha colectividade humana teña a categoría de pobo, pra que teña unha unidade íntima e trascendente, ha de ter unha alma de seu. E un pobo ten alma de seu, cando posee «idioma».”

“A lingoa, sangue do espírito”, *Revista Vieiros* (1959)

“(…) Ramón Piñeiro López, ensaísta lugués é na hora presente un dos máis sólidos prestixios mozos de Galicia. A vella amizade que nos vencella, tenme permitido afondar na raigaña intelectual do xoven pensador. O seu papel como orientador e descubridor de valores novos no campo da cultura galega de arestora, é tan importante como anónimo.”

“Una entrevista con Ramón Piñeiro” (1955), *Galicia Emigrante*, núm. 11, Salvador de Lorenzana

RAMÓN PIÑEIRO

(Láncara, 1915 – Santiago de Compostela, 1990)

Foi un escritor, filósofo, tradutor, político e profesor universitario galego. De mozo estivo vinculado ao galeguismo e nos anos trinta pertenceu ás mocidades do Partido Galeguista. No franquismo estivo en prisión por contactar con outros partidos para volver á democracia. Fundou a Editorial Galaxia, na que traballou como director literario, e foi colaborador habitual de diversos xornais e revistas. Foi tamén membro da Real Academia Galega, promotor da Fundación Penzol e presidente do Consello da Cultura Galega.

GRANDES ÉXITOS



1974

Olladas no futuro (1974), publicado pola Editorial Galaxia, reúne un conxunto de escritos que realizou o autor ao longo de vinte e cinco anos, nos que reflexiona sobre a historia do pensamento en Galicia. Consta de corenta e oito artigos e cartas, algúns deles xa publicados en *Grial*.

Filosofía da saudade (1984)

é un ensaio filosófico no que o autor entronca esta temática como punto de identidade cultural de Galicia. A saudade é un dos temas máis traballados por Ramón Piñeiro nas súas publicacións e artigos.



1984

Outras das súas obras son *Da miña acordanza*, *Memorias* (2002), *Saudade e sociedade, dimensións do home* (1975) e *Castelao artista* (1962).

